

**BOLSA DE ASISTENCIA: 9 € /día de asistencia**
**BENEFICIARIOS:**

**Discapacitados (≥33%), IPE, membros integrantes de familia monoparental ou de familia numerosa e que non perciban ingresos ≥ ao 75% IPREM (450 €)**

**DOCUMENTACIÓN:**

- |  |   |
|--|---|
| – Certificación de discapacidade oficial se é o caso.              |   |
| – Documentación acreditativa da suma de rendas da unidade familiar | – Certificación de dependencia se é o caso e no caso de denegación expresa de autorización.                 |
| – Acreditación documental de rendas declaradas                     | – Certificación da Dirección Xeral de Familia, infancia e dinamización demográfica (familias monoparentais) |
| – Certificación de empadramento.                                   |   |
| – Copia do libro de familia ou similar                             |   |

**AXUDA DE TRANSPORTE URBANO: 1,5 € /día de asistencia**
**AXUDA DE TRANSPORTE INTERURBANO: 1,5 € /día de asistencia**
**BENEFICIARIOS:**

Alumnado que utilice o transporte público para asistir ao curso. Ambas axudas de transporte público son compatibles.

**DOCUMENTACIÓN:**

- Declaración responsable de utilizar o transporte urbano/interurbano con manifestación das liñas que precisa utilizar

**AXUDA DE TRANSPORTE EN VEHÍCULO PROPIO: 0,19 €/km /día de asistencia, máx. 20 €/día**
**BENEFICIARIOS:**

Alumnado que non pode empregar o transporte público porque non existe medio de transporte público entre o seu enderezo e a Escola de Bueu ou que existindo, non teña horario regular que permita compatibilizar horario co curso

**DOCUMENTACIÓN:**

- Declaración responsable de que se da unha das circunstancias anteriores.
- Declaración responsable cos kilómetros recorridos diariamente
- Certificación da oficina de emprego do domicilio de intermediación laboral no caso de denegación expresa de autorización.

**AXUDA Á CONCILIACIÓN: 75% IPREM diario, 15 €/día de asistencia**
**BENEFICIARIOS:**

- Alumnado con fillos/as ou persoas acollidas menores de 12 anos ou maiores dependentes ata 2º grao e que non perciban rendas de calquera clase superiores ao 75% do IPREM (450 €)

**DOCUMENTACIÓN:**

- |  |                                 |  |
|--|---------------------------------|--|
| – Certificado de dependencia no caso de denegación expresa de autorización | – Certificación de empadramento | – Acreditación documental de rendas                                |
|  | – Copia do libro de familia     | – Documentación acreditativa da suma de rendas da unidade familiar |

**AXUDA Á MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO: 10 € /día de asistencia**
**BENEFICIARIOS:**

- Mulleres vítimas da violencia de xénero

**DOCUMENTACIÓN:**

- Acreditación documental do feito causante (manterase a confidencialidade na tramitación da axuda)

## AXUDAS AO ALUMNADO DESEMPREGADO

---

### Requisitos:

- Ser desempleado e inscrito como demandante de emprego no Servizo Galego de Colocación.
- **Nota:** Tomarase en conta o domicilio de intermediación, é dicir, o de inscrición na oficina de emprego.

### Incompatibilidades:

 serán compatibles, agás:

- A de transporte urbano e interurbano son incompatibles coa de transporte en vehículo propio.

### Prazos de solicitude:

- 1 mes desde a incorporación ao curso (ou desde que se produce o feito que da dereito á solicitude)

### Solicitude:

 A través da [sede electrónica de Chave365](#), procedemento TR301V:

## CONCEPTOS A TER EN CONTA NA BOLSA DE ASISTENCIA E NA AXUDA Á CONCILIACIÓN:

---

### Cálculo das rendas:

#### 1. Para os efectos destas bases, as rendas calcularanse do seguinte xeito:

##### a) Para as persoas traballadoras por conta allea:

1. Tomaranse os ingresos brutos do mes anterior ao inicio do curso ou do mes anterior a que se produza o feito causante que dea dereito á axuda, segundo o caso, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
2. Teranse en conta as axudas de custo que superen o 10 % do Iprem.

##### b) Para as persoas autónomas:

1. Tomaranse os ingresos netos do trimestre anterior ao inicio do curso ou do trimestre anterior a que se produza o feito causante que dea dereito á axuda, segundo o caso.
2. Ratearase o importe mensualmente, para obter as rendas mensuais.

#### 2. Computarase como renda o importe dos salarios sociais, as rendas mínimas de inserción ou as axudas análogas de asistencia social concedidas pola Comunidade Autónoma, así como o importe das prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal. Tamén terán a consideración de renda os ingresos correspondentes a rendementos patrimoniais, pensións e calquera outro tipo de ingresos percibidos. A variación de rendas non se considerará circunstancia sobrevida para os efectos de xerar dereito á percepción das axudas.

#### 3. Os datos dos puntos anteriores referiranse á suma de ingresos de todas as persoas que integran a unidade familiar ou de convivencia, incluída a persoa solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen.

### Concepto de unidade familiar:

#### 1. Para os efectos desta orde, consideraranse como persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia, con referencia ao momento de presentar a solicitude e sempre que se produza a convivencia no mesmo enderezo que a persoa solicitante, ademais de a esta:

- a) As persoas familiares por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao de parentesco en liña ascendente, descendente ou colateral da persoa solicitante.
- b) O seu cónxuxe ou a persoa con que conviva en situación de unión de feito ou análoga, sempre que se trate de parella de feito acreditada.
- c) As persoas acollidas menores de vinte e seis anos, ou de máis idade cando se trate de persoas con discapacidade.

#### 2. A acreditación da convivencia non se deberá efectuar no momento da presentación da solicitude, senón que terá lugar, de ser o caso, no momento posterior que proceda e nos termos establecidos nesta orde, ben que si se deberán cumprir os requisitos coas oportunas consecuencias a que se refire o artigo 16.3 desta orde para o caso de incumprimento ou falsidade do declarado responsablemente.

### Acreditación documental:

- Certificación acreditativa da **discapacidade** emitida polo órgano competente, ou documentación acreditativa de ter asinado un itinerario personalizado de inserción (IPE), segundo o caso no caso de denegar expresamente a súa consulta.
- **Familia monoparental:** deberá estar recoñecida pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e dinamización demográfica a través do servizo que emite unha certificación de cumprimento dos requisitos
- Certificado de **empadramento**, ou certificado de convivencia expedido polo Concello, onde se indiquen os familiares que conviven no domicilio familiar.
- Documentación acreditativa de que a suma das **rendas** das persoas integrantes da dita unidade familiar ou de convivencia sexa inferior ao 75% do IPREM.
- Certificado de **dependencia** do órgano competente da Xunta de Galicia ou resolución xudicial, segundo proceda no caso de denegar expresamente a súa consulta pola Administración
- Copia do **libro de familia** ou, no caso de estranxeiros sen libro de familia, calquera documentación que acredite o parentesco.